



CONVOCATORIA DE ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR
SECTOR ALUMNADO

Segundo o disposto na [Resolución do 10 de setembro de 2024](#), da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a Xunta Electoral, en virtude das atribucións que lle son conferidas no [Decreto 92/1988, do 28 de abril](#), polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, no sector do alumnado, segundo os seguintes puntos:

1. Segundo o disposto no Artigo 40 do [DECRETO 324/1996, do 26 de xullo](#), polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, corresponde elixir no presente proceso electoral a catro alumnos/as con nomeamentos de catro anos (as dúas primeiras candidaturas en votos) e dous anos (a terceira e cuarta candidatura en votos).
2. Son electores/as todas/os as/os alumnas/os matriculados/as no centro e incluídos no Censo Electoral dispoñible para consulta no taboleiro de anuncios do centro a partir do día 29 de outubro de 2024. As reclamacións ao referido Censo Electoral realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 h do día 08 de novembro de 2024.
3. Son elixibles todas/os as/os alumnas/os matriculados/as no centro que presenten a súa candidatura oficial segundo o modelo adxunto a estas instrucións. O prazo de presentación de candidaturas comeza o mércores, día 30 de outubro de 2024 e remata o luns, día 11 de novembro de 2024.
4. As votacións ao sector do alumnado celebraranse o martes, **día 19 de novembro de 2024, entre as 10:30 h e as 12:10 h**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 10:20 h.
5. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de tres candidatos/as, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante o Documento Nacional de Identidade ou documento análogo. O voto será directo, secreto e non delegable. Non se admite voto por correo.
6. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público. Unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral.
7. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

En Vigo, a 28 de outubro de 2024

A Xunta Electoral